

Luzes

A ceo aberto, dando voces

14 de decembro de 2025 [Estibaliz Espinosa](#)

<https://luzes.gal/14/12/2025/a-tribo/a-ceo-aberto-dando-voces/>

24 pensamentos decote sobre o entrelazamento ciencia-literatura-sociopolítica-arte, a xeito de calendario de Advento de 2025. Homenaxeando tanto as 24 sekki ou microestacións do Calendario nipón (con 72 kō en total, procedentes de antigos tratados de astronomía chinesa), como os Mintireiros Verdadeiros e outros calendarios agrícolas da Galiza, coa súa curiosidade polos cambios sutís nas estacións. Porén, máis que Xeórxicas virxilianas, Uránicas da Urania, os ceos e as súas correlacións terrestres, pois somos un pouco fillas rosalianas do asombro.

9 DECEMBRO OU NADAL

- *Martes | Quedan 22 días para o 2026*
- *Segundo o noso cómputo cristián e occidental estamos en 2025. Pero se cambiamos a perspectiva e contamos doutra maneira, como propoñen desde a canle **Kurtgesagt** co calendario **Human Era (Era Humana)**, a aurora do humano coa gran revolución neolítica aconteceu hai 12.025 anos, no 10.000 a. de C. **Nesoutro cómputo sumamos os 10.000 outonos ao calendario gregoriano e así hoxe toda a humanidade, sen importar dogma de fe, estaría vivindo no ano 12.025 da súa Era. Parécevos máis exacto? Humano?***
- *O Ceo de inverno na Galiza amósase maxestoso e cruelmente frío. **Véspero/ Héspero (Venus)** segue a coruscar a este lado do xardín das Hespérides, no suroeste tras o solpor, pero a protagonista da noite é a propia Escuridade temperá. É noite de mirar cara ao leste máis tarde: a estrela Sirio —a máis brillante do firmamento nocturno e que dá nome a Sirius Black e está na constelación do Can Maior— xa anda lambendo os pés de Orión, e Orión segue perseguindo as Pléiades ou Setestrelo ou Sete Irmás. Un acosador de libro convertido en constelación. Nada novo nin baixo o sol nin tampouco sobre el.*
- *☉ O Sol sae ás **08:54 h**, deixando «mañás de boca de lobo» como sentenciaban as nais de antes, abotoando os fillos até o queixelo. Ponse ás **17:57 h**. Que vas facer coas túas **9 horas e 3 minutos** de luz? Eu mirarme os niveis de vitamina D. Días de pouca fotosíntese.*
- *☾ A Lúa en fase de **Xibosa Minguante** (arredor do 83% iluminada).*
- *🌨 No Calendario Xaponés continuamos na estación maior das «Grandes Nevaradas» (Taisetsu). A micro-estación (Kō) número 61: **Sora samuku fuyu to naru (閉塞成冬)**, «O Ceo arrefría e transforma no inverno». Tempo de peche, de «fusco», a natureza detén a respiración.*

- *No al-manakh seguimos a contar as lúas dende a Hélixira. Para este 9 de decembro de 2025, o calendario islámico tabular marca o **18 de Jumada al-Thani de 1447**.*
- *No calendario republicano francés, hoxe sería o **20 de Frimario** (o mes das xeadas e brétemas) do **ano 234**. O símbolo do día é o **lentisco** ou aroeira (*Pistacia lentiscus*).*
- *O santoral da miña nai di que é **Santa Leocadia**. Se onte felicitabamos a Inmaculadas, Inmas, Conchis e Conchitas, hoxe ímolo ter máis difícil.*
- *Para romper a monotonía do beige e o gris por todas partes —e dese Cloud Dancer 11-4201 TCX que nos manda Pantone para o 2026—, a cor de hoxe será burbullante. O Pantone galaico revélasenos como **Laranxa Mandarina de Nadal** (Christmas Tangerine). Esa cor lustrosa e aromática da mandarina que comes á media mañá ou de sobremesa e a ninguén se lle escapa. Un laranxa optimista, ruidoso, que mancha os dedos e perfuma a cociña, rico en limoneno. A finais de Outono, gústame o recendo a limoneno polas mañás. Atópase nos aceites das cascas cítricas: fai estoupar globos ao mondares unha inocente clementina bombón e permíteche crear un pequeno lanzachamas se o acirscas sobre unha candeia. O cal é unha ledicia para os nenos da casa e un fastío para a gata, que pon a súa cara-de-mandarina e lisca. A mesma cara que porá mañá cando fale dela.*

A ceo aberto, dando voces

Para Lucía, Rodrigo, Irene, Samuel, Ana... e serán lendo

O de dar coa voz é todo un tema. A nosa voz. A voz de Galicia. Que raio quererá dicir iso.

Dar coa nosa voz é unha aprendizaxe lenta. Sábeo calquera que se poña diante dun brancor e teña que sacar petróleo, organizalo en caracteres e sentidos. Hai unha primeira socialización da escrita, unha imitación, frases feitas, sintagmas esperados, nesgo e compracencia. **E após, sobrevén a lenta aprendizaxe de ser cosmos. De intentar escribir como falamos por dentro. Nese planetario privado do cranio. A literatura debe de ser un falar como cosmos.** Como o anaco de ceo e terra que levamos nós, non o que se leva en Francia ou en USA. Por iso, **atopar unha voz literaria é sempre abrir unha nova perspectiva do ceo. Unha vista en 360º.**

*
**

Hai uns anos —moitos— fixen unha entrevista a **Samuel L. París**. No Tempo dos Blogs. Ninguén fala xa dos blogs, como se no sistema editorial non foran relevantes. Fórono.

Para ilustrar aquela entrevista —un cocido cósmico de Nadal aínda no pote— quedáramos no meu lugar preferido do mundo cunha amiga fotógrafa, o meu fillo Y. e L., ambos poemas con patas, e sacáramos unhas cantas fotos.

Naquela altura coido que Samuel publicara o **Manual de Destrución** na Regueifa Plataforma e quizais xa **Inflamable**, en Positivas. Lembro que o día que o coñecín —curiosamente viña de coñecer a Ismael Ramos no seu instituto de Noia— xa parecía falar cun toque recitador, pero non de bardo. De regueifeiro. De *troubadour* do raro. De saírche pola tanxente. De estar pensando na rima final cando ti só empezabas a frase.

Probabelmente, por esa época das fotos foi cando prometeu unha das cousas máis corsarias, barrocas e almanaques da literatura galega: **publicar un poemario á semana durante un ano inteiro. Desa proeza pouco se sabe, pero sei que a cumpriu.** Seina porque lle lin varios. **52 poemarios nun ano.** En PDF. Descarga libre.

Por se non fose sospeitoso abondo, ao señor L. París déuselle por crear libros de poemas a catro mans que foi poñendo a disposición de quen quixer no seu blog. Dos nosos 20 dedos saíron **Formigas nos pantalóns.** Unha cousa experimental na que medraban triptófano e o cornizó do centeo, o corno. Pero el creou moitos máis con dedos doutros. Toda unha prestidixitación. Sabiades dela? Non.

Sabiades que Samuel tocaba en *Terbutalina* e pouco máis. Mal.

Doutra xema do noso tesouro nacional de vates, a **Internacional de Poesía Anarquista** (Positivas, 2020) pouco se sabe tamén. Unha **antoloxía que vai dando voces**, recollendo perlas de acracia procedentes de Larouco ou Kaliningrado, pasando por Fukui, Gleann Cholm Cille, Maputo ou Santa Lucía. Poetas como Aranka Jo, P. Aubert, Esmarelda V. e [@](#) e todas unidas por un fío común: que as leades. Que non volas conto.

Samuel pespunta con fío sagaz e puntada dobre, finxindo esbardalle pero con control, superpoñendo voces que interpelan á propia voz poética [como que, como isto por exemplo?] [pois seica, si], saíndose por fóra do lirismo para rirlle na cara, roubarlle a lira e tocala el, engarzando interminables poemas da boa pipa, santascompañas que vesten de amarelo ou poderían papar un salpicón a pé de páxina, xogando con lexemas, fonemas e toda a pesca, metatextos e metabolismos narrativos, ceibándolles como diría el, hostias tamén a bos e xenerosos, aos de Laíño e aos de Lestrove, e deixando un **carozo de froita ardente cheo de tenrura e unha pisca de autosabotaxe.**

Nos últimos libros, a partir de **o único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo** (Positivas, 2024), coido que Samuel se vai parecendo moito máis a si mesmo. Logra esa ecuación: a da voz dos entredentos. Estilo e tal. E cun valor: **pillando a actualidade polas asas non se empoleira ao que se vende, ao cabaliño do demo gañador, senón que o libera, déixao vivir, dille catro frescas, arma unha libeliña mecánica alternativa.** Unha alternativa a unha literatura sempre subvencionada, por exemplo, ou ao cabildeo:

Escollestes a burocracia

e é lóxico.

É máis sinxelo cubrir unha solicitude

que escribir un poema que rompa a alma en oito.

[...]

O tenro é o salvaxe (Galaxia, 2025) é quizais un dos libros máis fermosos que lin neste ano. Parece que o autor finalmente si se rompeu a alma en oito e a ten aberta nun poema a medio escribir:

CADERNO AZUL

Estaba tratando de pechar un poema que tiña aberto en oito partes

*mentres daba un paseo á beira do Atlántico
que é o noso océano, todo sexa dito.*

*Ante a miña mirada,
el insistiu en devolverme azul mariño.*

*Inmerso como estaba na escrita,
unha sinxela sinestesia de cor e aroma salgado*

*trouxo á miña mente
o caderno azul que preparei para a miña nai
nun curso de encadernación do concello
no que me inscribín a comezos de outono.*

*Un agasallo para a miña nai,
pensei naquel momento.*

*Creo que nunca vira a miña nai empregar
un caderno desas características:*

*non moi grande,
non moi pequeno,
cosido,
con follas de boa gramaxe.*

*Un caderno que presaxiaba silencios
pensando con que enchelo.*

De cor: azul mariña.

Era para a miña nai.

*Ela tróuxome á terra
con estas mans cheas de dedos
e con dous pés cos que conseguín chegar a sitios
e marchei de moitos máis.
Eu regaleille un caderno.*

*Ela aleitoume,
curoume os xeonllos,
levoume á biblioteca municipal
todas as tardes que recordo
ata que as palabras prenderon dentro
nalgún lado.
E eu?
Eu deille un caderno.*

*Todos os guisos de magnolias,
todas as merendas,
todas as formas de intentar querer o que sexa.
Aquí tes: o aire, a carne, a familia.
Aquí tamén: o océano. Que saibas que
non sempre é da mesma cor.
Pois aquí, díxenlle eu,
este caderno que fixen no curso do concello.
É para ti.*


*Cando llo dei
e o tivo na man
o neno soubo que aquel caderno
xamais compensará á nai
porque, aínda que o neno sabe as letras,
aínda non sabe mirar o mar.*

En narrativa, París acaba de publicar en Xerais **Pifostio**, e de verdade me gustaría falarvos del e das gargalladas que botei nas tardes, das conversas monárquicas pre-pandemia, das opinións e valoracións da alma, do discurso do Nobel, dese fixar a túa atención en algo, algo grande, épico e, dunha labazada, enviarte á parte de atrás do relato, a apañar absurdo tras absurdo para logo, cando te afares e mires ben, xa te decates de que o absurdo ao cadrado era sátira... Unha **literatura rizomática**, sen traxecto prefixado, que se arma ante ti como se arma un *pifostio*, de veras vola analizaría de ter máis tempo e máis Deleuze.

Un almanaque como este pide de nós moitas cousas, seino. Que miremos ao ceo, que busquemos ledas Leocadias que felicitar, que leamos poemas e saibamos ir e ver onde ningún ve.

O de ter abertas moitas pestanas do ordenador mental...pásanos a moitas, a que si?

A ceo aberto, damos con voces coas que dar de nós.



Poema de 'O tenro é o salvaxe', Galaxia, 2025

**

Imos hoxe a ceo aberto porque falar de **Ceos Galegos** é desenladrillalos, como no trabalinguas infantil. Devolvemos a ollada en 360º, necesaria para entender por que os ceos escuros e ver as estrelas son un dereito, un dereito que se propuxo —entre outros— como o número 18 dos obxectivos Axenda de Desenvolvemento Sostíbel 2030 (ODS) de Nacións Unidas.

Somos a primeira xeración de homínidos que, entendendo o que é fisicamente unha galaxia, deixa de ver a súa propia no ceo nocturno.

Ceos Galegos é unha iniciativa de astronomía do ourensán **Dosi Veiga**. Unha [web](#) sobre novas do ramo, astrofísica, libros á venda e astrocalendarios anuais desde o ano 2017.

Antes da pandemia suxerínlle a Veiga incluír textos poéticos e científicos xunta os ceos galegos. A idea prosperou e este é o 5º calendario que amais de incluír lúas, eclipses e enclaves de Galicia baixo o ceo nocturno ou crepuscular, transforma nunha pequena **peza astroliteraria grazas aos textos de autoras e autores na nosa lingua**. Desde Sei Shonagon a Walt Whitman, Marguerite Duras e Ana Romaní, Eliot Weinberger e Luísa Villalta, Paula Luís e Carmen Conde, Gonzalo Hermo...

Neste mes de Decembro do calendario de Ceos Galegos 2025 o poema é un fragmento de ***o único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo***, poemario que tivemos a sorte de o sentir fraguarse unha noite de trebón no **Centro Astronómico de Trevinca**, cando convidei a Samuel e a outros a un recital astronómico en Observatorio. Por aqueles cumios torboentos só pasaron os espíritos de Catherine e Heathcliff, Domingo Fontán, chocallos de vacas na brétema e unha borrasca.

Os versos de Samuel forman parte deste ceo de Nadal coa astrofoto de **Javier Rodríguez** dunha Vía Láctea *ubrescente* no **Dolmen Casola do Foxo, en Muíños (Ourense)**.

e ti sabes

como eu sei

que só somos

a historia do universo

perdida nunha experiencia humana